O galego e a IA. Aplicacións didácticas baseadas na oralidade[1]

Daniel Fernández López[2]
Noelia García Díaz[3]

1.- Introdución

Ao falarmos do galego e a Intelixencia Artificial, a primeira e ineludible referencia é o Proxecto Nós[4]. Esta iniciativa, que naceu do traballo interdisciplinario desenvolto por investigadores do Instituto da Lingua Galega (ILG) e do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS), dous dos centros de referencia da Universidade de Santiago de Compostela nos seus respectivos ámbitos, ten como obxectivo promover a presenza dixital do galego, garantindo que a nosa lingua non fique excluída dos novos desenvolvementos das tecnoloxías da información e da comunicación. Así pois, ao abeiro do Proxecto Nós, trabállase dende hai anos na creación dunha ampla variedade de ferramentas e recursos que serán postos, de xeito libre e aberto, a disposición de calquera institución, organización ou empresa que queira desenvolver un produto tecnolóxico, aplicación ou servizo que incorpore o galego.

1 Esta é unha publicación derivada do relatorio que as persoas autoras impartiron nas XXXV Xornadas de Lingua e Literatura organizadas pola AS-PG e a CIG-Ensino en Santiago de Compostela o 18 de abril de 2026. XXXV Xornadas de Lingua e Literatura [En liña]. Dispoñible en: https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-ensino-e-a-as-pg-ponen-en-aberto-as-xxxv-xornadas-de-lingua-e-literatura.html. Este relatorio, accesible en: https://youtu.be/0ltTTz8Y3f0?si=NP3xduf056GXdoVK

2 Profesor de ensino secundario no IES María Casares de Oleiros

3 Profesora de ensino secundario no IES Valle Inclán de Pontevedra

4 https://nos.gal/gl/proxecto-nos